



Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, na data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

**ASUNTO: APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E TRIBUNAL. CONVOCATORIA E BASES PROCESO SELECTIVO PERSOAL LABORAL TEMPORAL. PEL CONCELLOS 2024**

**EXPEDIENTE: 2024/G003/000160 (Decretos).**

**EXPEDIENTE: 2024/A008/000001 (Subvencións).**

**EXPEDIENTE: 2024/E001/000001 (Convocatoria Selección Persoal)**

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que mediante o decreto de alcaldía 121/2024, de 8 de Maio de 2024, se aprobaron as bases e convocatoria para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para dous peóns para a realización de obras e servizos municipais, financiado pola Deputación Provincial da Coruña, a través do programa PEL Concellos 2024.

Visto que ditas bases e convocatoria foron publicadas na páxina web, taboleiro de anuncios e portal de transparencia deste concello así como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Vista que a última publicación das bases e da convocatoria realizouse en dito boletín con data de 14 de Maio de 2024, iniciándose un prazo de dez días hábiles para a inscrición de solicitudes para formar parte do proceso selectivo.

Examinada a única solicitude presentada e visto que reúne os requisitos esixidos.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, **Resolvo:**

**PRIMEIRO.-** Admitir definitivamente ó aspirante presentado que se relacionan a continuación ó proceso selectivo para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para dous peóns para a realización de obras e servizos municipais, financiado pola Deputación Provincial da Coruña, a través do programa PEL Concellos 2024 publicándose no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal así como no portal de transparencia do Concello de Vilasantar.



## ADMITIDOS

Nº DE REXISTRO	DNI	APELIDOS E NOME
20240000000434	32****53 D	Bugallo Tomé, José Luis

**SEGUNDO.-** Nomear o tribunal encargado da selección que estará integrado por:

Presidente: Alberto Labandeira Fontecoba, Peón de mantemento do Concello de Vilasantar.

Suplente: José Manuel Boado Sánchez, Peón tractorista do Concello de Vilasantar.

Secretaria: María Trinidad Veiras Freire, Técnico de cultura e información xuvenil do Concello de Vilasantar

Suplente: Mercedes Costoya Cortés, Auxiliar Administrativo do Concello de Vilasantar.

Vogal: Salvador García Quintela, Peón de mantemento do Concello de Vilasantar.

Suplente: David Novo Mato, Peón tractorista do Concello de Vilasantar.

Vogal: Sofia Dono García, traballadora social do Concello de Vilasantar.

Suplente: Aida Bello Mirás, Axente TIC do Concello de Vilasantar

Vogal: Ana Belén Vazquez Garea, Técnico de intervención familiar do Concello de Vilasantar.

Suplente: Elisabeth Rodriguez López, Técnico en Animación de Actividades deportivas do Concello de Vilasantar.

**TERCEIRO.-** Convocar ós candidatos admitidos o día 04/06/2024 ás 10.00 horas para a realización do proceso selectivo.

**CUARTO.-** Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación.

**QUINTO.-** Informar ao Pleno da corporación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Mándao e asíno a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria - Interventora, Minia Astray Barca, dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.**